

Ano
Gaos
2019
)G(

COÑECER | Santiago
cidade educadora

EDITA

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de
Educación e Cidadanía

ORGANIZAN



COLABORAN



O universo musical de Andrés Gaos (1874-1959) Zaira Caamaño Reuñán - José Manuel Souto Lema

O UNIVERSO MUSICAL DE ANDRÉS GAOS (1874-1959)

Zaira Caamaño Remuiñán
José Manuel Souto Lema




CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de
Educación e Cidadanía

COÑECER | Santiago
cidade educadora

Colección COÑECER
Santiago, cidade educadora

N.º 11. Marzo 2019

O UNIVERSO MUSICAL
DE ANDRÉS GAOS

Edita
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA
CONCELLO DE SANTIAGO

Concelleiro de Educación e Cidadanía
MANUEL DIOS DIZ

Corrección lingüística
DLG DO CONCELLO DE SANTIAGO

Imprime
TÓRCULO COMUNICACIÓN GRÁFICA, S. A.

Depósito legal: C xxxx-2019

**O UNIVERSO MUSICAL
DE ANDRÉS GAOS
(1874-1959)**

**Zaira Caamaño Remuiñán
José Manuel Souto Lema**



ÍNDICE

- 7 VIDA DE ANDRÉS GAOS E CONTEXTO HISTÓRICO NO QUE SE MOVEU
- 13 AS RELACIÓNS FAMILIARES DE ANDRÉS GAOS E A INFLUENCIA NA SÚA MÚSICA
- 19 GAOS INTÉRPRETE, COMPOSITOR, DOCENTE E DIRECTOR
- 24 A VINCULACIÓN DE GAOS CON GALICIA
- 32 BIBLIOGRAFÍA

VIDA DE ANDRÉS GAOS E CONTEXTO HISTÓRICO NO QUE SE MOVEU

Andrés Gaos Berea naceu na Coruña en 1874, froito do matrimonio de Andrés Gaos Espiro (natural de Santiago) e Pilar Berea Rodríguez (natural de A Coruña). Foi o maior de sete irmáns: José, Pilar, Carmen, Alejandro, Félix e Luis. A súa vinculación coa música xorde no ámbito familiar, pois era sobriño de Canuto Berea Rodríguez, unha importante figura na cidade da Coruña que chegou a ser alcalde da mesma e que sobresaía como compositor.



Andrés Gaos aos 3 anos de idade (Fondo Gaos da Biblioteca América da USC)



O violinista Pablo Sarasate
(Fondo Gaos da Biblioteca
América da USC)

Aos sete anos desprazouse a Vigo co seu pai, quen comezou a dirixir a sucursal do Almacén de Música do seu cuñado, Canuto Berea. Alí Gaos continuou a súa formación musical baixo as ordes do mestre Dorado. En 1884 prosegue a súa formación na Coruña co propio Dorado dentro do Centro de Ensinanza Musical que rexentaban os irmáns Quílez, e que tiña o nivel máis alto de Galicia.

O pequeno Andrés daba mostra de ser un prodixio e o violinista e compositor Pablo Sarasate propúxolles aos pais levalo a París para proseguir coa súa formación e introduci-lo nos medios musicais internacionais. No entanto, os pais de Gaos consideraron esta proposta demasiado arriscada e soamente un tempo despois, con apenas 11 anos de idade, Andrés Gaos poñerá rumbo a Madrid cunha bolsa concedida pola Deputación Provincial da Coruña, para formarse con Jesús de Monasterio.

Posteriormente proseguirá a súa formación en Bruxelas cos mestres Ysaÿe (violín) e Gevaert (composición) grazas a outra bolsa da Deputación da Coruña. Ao volver a Galicia ofrece concertos de notable éxito en Lugo, A Coruña, Vigo, Madrid e Porto malia a súa curta idade, gañando importantes premios en Pontevedra e Vigo. Entre 1892 e 1893 ofrece unha xira por Europa e en 1894, emprenderá a súa primeira xira por América actuando en México, Cuba e Arxentina, onde foi representado por Mauricio Strakosch, un famoso empresario que representou a importantes figuras do mundo da música.

A súa chegada a Arxentina prodúcese en 1895, onde contacta con Alberto Williams, o mellor compositor da Arxentina da época, quen lle ofrece un posto no conservatorio que el dirixe. A este país tamén chega a violinista e cantante América Montenegro, nacida en Venezuela pero de ascendencia italiana. Tratábase dunha gran artista, que en 1892 obtivera o primeiro premio de violín no Conservatorio de Milán. Gaos e ela coñécense e ao pouco tempo ela queda embarazada, polo que deciden casar en Montevideo (Uruguai), onde teñen as súas dúas primeiras fillas. Durante a súa estancia en Uruguai, entre 1896

e 1898, Gaos dá clase no Conservatorio de Montevideo e ten unha intensa actividade compositiva.

En 1898 o matrimonio volve a Bos Aires e, ao pouco, embarcan nunha breve xira, cara Europa. Regresan en 1900 e reintégranse ó Conservatorio Williams. Gaos, nestes anos, amosa unha enorme capacidade compositiva, desenvolve unha grande actividade como concertista, e cultiva a música de cámara. En 1904 vai crear o seu propio conservatorio, que durará até 1912. Tamén en 1904 coñece a Pau Casals e Saint-Saëns, con quen realiza unha nova xira por Europa, chegando ata Rusia.

Logo do nacemento de dous novos fillos, o matrimonio viaxa á Coruña, onde é recibido con gran entusiasmo e ofrece dous concertos.

Entre 1912 e 1917 Gaos parece vivir un período de estabilidade, xa que desempeña diversas cátedras e produce importantes composicións atopándose no seu momento de maior produción, tanto por calidade



Alberto Williams (Fondo Gaos
Biblioteca América Universidade
Santiago de Compostela)

Gaos coa súa sogra e os fillos do
seu primer matrimonio




Matrimonio de Andrés Gaos e Luisa Guillochón



como por cantidade. A súa intensa actividade compositiva era un refuxio da súa delicada situación matrimonial nun proceso de ruptura que culminará co divorcio entre Gaos e Montenegro en 1917 cando xa tiñan 5 fillos: América, Sofía, Elsa, Andrés e Elena Gaos Montenegro.

Todo semella indicar que Gaos acha ao final unha estabilidade emocional tras o seu matrimonio con Luisa Guillochón en 1919, quen fora alumna súa. Neste momento a súa faceta creadora non atravesava o seu mellor momento pero implícase na súa labor didáctica e crea o seu segundo conservatorio en 1924, pechando un ano máis tarde. En 1925 parte

Programa do concerto dado por Andrés Gaos na Coruña en 1925 (Fondo Gaos da Biblioteca América da USC)





Andrés Gaos no despacho do seu Conservatorio (Fondo Gaos Biblioteca América Universidade Santiago de Compostela)

cara Gan (Pirineos franceses) na compañía da súa muller, os dous fillos que tiña con esta (Roberto e Eduardo) e os seus sogros. Alí nacerá o seu último fillo, Andrés Gaos Guillochón, quen máis se implicou no mantemento e difusión do legado do seu pai. A finais dos anos 20 e comezos dos 30, volve a ter unha gran actividade como concertista con numerosas xiras, polo que apenas compón. Neste momento destacan as xiras europeas que realizou en 1926 e 1927, nas que visitou a súa cidade natal. Gaos residirá en Francia ata que en 1932 volve a Arxentina, debido á escaseza económica.

Cando retorna á Arxentina, Gaos retírase da súa actividade como concertista e pasa a ocupar diversas cátedras e funcións públicas ata 1948, data da súa xubilación. O seu regreso pasou un tanto desapercibido

e non foi homenaxeado do xeito agardado. Ademais faleceu o seu amigo Alberto Williams. Nesta época Gaos padecía unha terrible enfermidade: a neuralxia do trixémimo, coñecida popularmente como a enfermidade do suicidio.

Daquela xorde un concurso de composición convocado polo Centro Galego de Bos Aires, que lle fai recuperar a ilusión de vivir ao gañar o primeiro premio coa súa sinfonía *En las montañas de Galicia*.

En 1956 trasládase de Bos Aires a Mar del Plata e retírase definitivamente do ámbito musical. Alí escribe a súa derradeira composición, *Rosa de Abril* (1959), baseada nun poema de Rosalía de Castro e dedicada á súa infancia en Galicia.

AS RELACIÓNS FAMILIARES DE ANDRÉS GAOS E A INFLUENCIA NA SÚA MÚSICA

A produción musical de Andrés Gaos viuse influenciada polas súas relacións persoais, tanto sentimentais como familiares. Xa dende neno conviviu nun ambiente familiar relacionado coa música debido aos negocios do seu tío e do seu pai e da formación que recibiu.

A súa chegada a América levouno a coñecer e a casar pouco despois coa cantante e violinista América Montenegro (1876-1949), con quen tivo cinco fillos. O enlace entre ambos músicos produciuse o 6 de febreiro de 1896 en Montevideo (Uruguai). Aos seis meses nace a súa filla primoxénita, que recibirá o nome da súa nai, América, e que no futuro seguirá vinculada ao mundo da música; pois acabará dirixindo dende 1922 a sucursal de Tucumán do Conservatorio Williams.

A violinista e cantante América Montenegro, primeira esposa de Andrés Gaos (Fondo Gaos da Biblioteca América da USC)



Andrés Gaos coa súa primeira dona América Montenegro



Cando volven a Bos Aires, dúas nenas completarán a familia Gaos, que acabará estando integrada por cinco fillos. Durante a súa estancia en Uruguai, Gaos e a súa esposa traballaron como profesores do Conservatorio La Lira de Montevideo e deron concertos xuntos. Ademais disto, Gaos compuxo numerosas cancións en francés de corte amoroso dedicadas á súa muller, o que se explica porque a esposa do compositor era unha exitosa cantante de cámara, polo que a Gaos lle gustaba escribir obras para que ela as interpretase. Gaos tamén compoñía para violín xa que América Montenegro tamén era unha coñecida violinista e mesmo escribiu obras para violín e piano que o matrimonio interpretaba como *Habanera*. Asemade, compúxolle algunha obra para violín, como o concerto para violín e orquestra, do que só chegou a realizar o primeiro movemento, que hoxe é coñecido polo nome de *Fantasia*.

A calidade musical de América Montenegro gañouse numerosos eloxios en xornais durante as xiras realizadas polo matrimonio, como este artigo de *La Voz de Galicia* de 1909:

La señora Montenegro de Gaos es una delicada cantante de lieder, que sabe imprimir exquisita delicadeza a sus canciones, prestándoles todo el carácter que les es propio. En tres melodías de su esposo y otras obras de Pergolese, Carissimi, Chaminade y Dell' Acqua, lució con su voz, si no extensa, muy grata, una excelente escuela de canto.

Non obstante, o seu matrimonio vai sufrir diversos altibaixos. Ambos cónxuxes van tratar de reconducir a situación mediante unha viaxe por Europa en 1899, na que realizaron concertos con gran éxito en cidades como Madrid, Vigo ou Porto, onde unha das pezas favoritas foi a *Habanera* para violín e piano que Gaos compuxera.


Por outra banda, as dificultades do seu matrimonio con América Montenegro levaron a Andrés Gaos a padecer diversas doenzas de carácter psíquico que se viñan xestando dende que contraeu matrimonio coa súa muller. Así, vai padecer a fins do século XIX

a enfermidade coñecida como neurastenia —actualmente chamada neurose— caracterizada por un cansazo físico ou psíquico, cunha extraordinaria variedade de síntomas como tristeza, irritabilidade, perda de memoria, etc. A recuperación foi lenta e tardará en reincorporarse ao Conservatorio Williams. Ademais, o propio músico pensou no suicidio debido ás dores insoportables que padecía e someteuse a unha intervención cirúrxica que non mellorou moito a situación.

Non será ata 1901 cando Gaos recupera as súas funcións no Conservatorio Williams dando clases de violín para homes, mentres que América Montenegro daba clases para mulleres.

A vida artística do matrimonio continúa en auxe e realizan numerosas xiras ata 1917, cando Gaos se divorcia da súa primeira muller.

A segunda esposa de Gaos, Luisa Guillochón (1899-1982) era unha das súas alumnas. Era unha muller arxentina de ascendencia francesa, vinte e cinco anos menor que Gaos e coa que tería tres novos fillos. Neste matrimonio, Gaos atopou unha total serenidade e estabilidade emocional, o que o levou a poder ter unha estabilidade profesional reforzada polo seu desempeño na Escola Normal e no



Andrés Gaos, c. 1916

Andrés Gaos xunto a súa segunda dona Luisa Guillochón



Conservatorio Williams. Isto permitiulle afrontar unha nova experiencia empresarial coa fundación do seu propio conservatorio, o Conservatorio Gaos, en 1924. Ademais, continúa dando concertos en Bos Aires e volve a realizar diversas composicións. A situación daría un xiro un ano despois, cando parte cara a Francia coa intención de instalarse alí de forma definitiva en compañía da súa muller, os seus sogros e os seus dous fillos. Por esta razón, vese obrigado a abandonar a Escuela Normal e clausurar o Conservatorio Gaos para poñer rumbo a Europa.

Porén, a estancia da familia Gaos Guillochón en Francia só durou sete anos, entre 1925 e 1932, onde a tranquilidade do lugar contribuíu a mellorar os problemas psíquicos de Gaos.

A vida de Andrés Gaos tamén se viu influenciada polos avatares sufridos polos seus irmáns; pois algúns deles víronse na obriga de exiliarse tras o estalido da Guerra Civil española (1936-1939).

Un exemplo é José Gaos Berea (1876-1939), que compartía con Andrés a súa paixón pola música. Vai falecer aos 63 anos en Languedoc-Roussillon (Francia). José envioulle varias cartas ao seu irmán Andrés entre 1938 e 1939 pedíndolle axuda para os seus fillos, pois algúns deles estiveron en campos de concentración en Francia.

Programa do 1º Concerto do
Conservatorio Andrés Gaos
(Fondo Gaos da Biblioteca
América da USC)



Nestas cartas quéixase de que, excepto o seu fillo José, cinco fillos están na Guerra Civil en ambas fronteiras, co risco que iso supón. O drama familiar complétase coa fuxida de José a Francia acompañando ao seu fillo Ignacio, que se atopa enfermo. Esta situación angustiada, derivada das múltiples dificultades que estaba a atravesar a familia, reflíctese perfectamente nun extracto da seguinte carta:

Carta de José Gaos Berea ao seu irmán Andrés. Perpignan, 23/6/1938. Fondo Andrés Gaos-Biblioteca América

[...] Vine a Francia con Ignacito por razón de la enfermedad de éste para permanecer aquí solamente unos cuantos días, y aquí nos cogió inesperadamente el corte de las comunicaciones con Valencia.

Esperando, esperando, he visto desaparecer casi totalmente los francos que traje y ahora, a punto de agotamiento, ni puedo volver a Valencia, ni procurarme fondos en o de España, pues ni mis amigos de allí (ausentes en su mayoría) están en condiciones de hacerlo (todo el mundo está arruinado por la guerra, al menos de momento) ni el Gobierno deja salir ni pesetas ni francos.

Si tú urgentemente no acudes en mi ayuda, Ignacito y yo nos veremos en trance de desesperación [...]

En suma; recurro a ti suplicándote que aún cuando tengas que hacer un gran esfuerzo me envíes con toda emergencia, de serte posible, los 10.000 francos que en mejores días para mí y no tan buenos para ti, hube de adelantarte con todo contento porque te prestaba un servicio, aunque triste porque tú lo necesitaras. Y de no ser los 10.000 francos mándame 8.000, 6.000, la mitad al menos para que yo pueda defenderme siquiera miserablemente hasta ver de hallarle solución a este inesperado problema de mi vejez.

Dando resposta ás peticións do seu irmán e coas mellores intencións para a súa familia, Andrés envía en diversas ocasións diñeiro a José para superar as vicisitudes que sofre ao exiliarse a Francia, ao igual que os seus fillos.

Carta de Pepe Gaos ao seu
irmán Andrés Gaos durante a
Guerra civil (Fondo Gaos da
Biblioteca América da USC)

Perpignan = 23/6/38 (1)

Mi querido Andrés. Me encuentro en una
situación del todo angustiosa y solo tu puedes
liberarme de ella.

Vine a Francia con Ignacito por razón de la
enfermedad de este para permanecer a que
relaxarte unos cuantos días, y aquí, pero
cogió inesperadamente el peste de las co-
municaciones con España.

Esperando, esperando, he visto desaparecer
con total certeza los fondos que traje.

Y ahora, a punto de agotarme este, ni puedo
volver a España ni procurarme fondos en
o de España, pues ni mis amigos de allí
(suyentes en su mayoría) están en condiciones
de hacerlo (todo el mundo está arruinado por
la guerra, al menos de momento) ni el Gobierno
deja salir ni pesetas ni francos.

Si tu urgentísimamente puedes en mi ayuda,
Ignacito y yo nos veremos en trance de des-
peración. No tengo siquiera el recurso de ga-
narme la vida por ej. con el piano, lecciónes
de lo que pueda ser; en Francia, en la hospitalaria
Francia, los españoles no pueden ni por ningún
empleo, ni trabajar sus cosas con propio con-
trato, a no ser en 5 años de residencia.
¡Oh, la soldadura de la guerra!

Outros dous fillos de José Gaos, e polo tanto so-
bríños de Andrés, puideron exiliarse a América: José
Gaos González-Pola (1900-1969), que chegou a Mé-
xico e está considerado como un dos grandes filó-
sofos de América Latina do pasado século, e o seu
irmán Ángel.

GAOS INTÉRPRETE, COMPOSITOR, DOCENTE E DIRECTOR

Andrés Gaos tivo diferentes facetas dentro do eido musical. En primeiro lugar, imos referirnos á súa faceta de intérprete, pois é ben sabido que se tratou dun notable violinista de sona internacional. Desde a infancia, demostrou unha extraordinaria aptitude para a interpretación do violín, o que lle levará a presentarse en salas de boa parte do mundo: España, Portugal, Francia, Bélxica, Alemaña, Italia, Holanda, Rusia, Estados Unidos, Cuba, México, Uruguai ou Arxentina. Afortunadamente, conservamos catro dos violíns cos que tocou Gaos ao longo da súa vida: un violín alemán de finais do século XVIII (recentemente restaurado), un Alcide Gavatelli, un Federico Loechner e un singular violín construído por Emanuel Moor para ser tocado por Andrés Gaos. O músico galego deu a coñecer o violín Moor de duplo son en 1929, cuxo son se escoitou, tras oitenta anos de silencio, no acto musical que tivo lugar no salón da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesáns da Coruña en 2009.

Na súa faceta de intérprete, Gaos é sobre todo coñecido como violinista, aínda que tiña un gran dominio do piano, un feito moito menos divulgado. O piano era habitualmente tocado por Gaos tanto en salóns como nas súas clases, acompañando aos seus alumnos de violín tanto nas aulas como nos concertos que se facían no Conservatorio. As únicas gravacións que conservamos de Gaos como intérprete en discos instantáneos trátanse de obras para piano que dan boa mostra das súas aptitudes como pianista. Hoxe en día, conservamos cinco discos instantáneos que foron gravados por Andrés Gaos cara a 1940, custodiados na Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela.

A segunda faceta de Gaos que debemos ter en conta é a de compositor. Na súa dilatada carreira musical, Andrés Gaos compuxo máis de 70 obras de

Violín do finais do s. XVIII
pertencente a Andrés Gaos,
restaurado por José Catoira
(Fondo Gaos da Biblioteca
América da USC)



Disco instantáneo gravado por
Andrés Gaos interpretando
os seus Novos Aires Galegos
(Fondo Gaos da Biblioteca
América da USC)



diferentes xéneros: sinfónica, de cámara e escénica. A importancia da súa creación é o feito de que se dedica a ela ao longo de case toda a súa vida. A súa primeira composición, *Premier Printemps*, realízase con 17 anos e, a última, *Rosa de abril*, con 84, no ano do seu falecemento (1959). Na súa faceta compositiva, sempre estivo moi presente Galicia tal como mostra na súa derradeira composición, na que fai unha lembranza da súa terra natal, a pesar de que xa había máis de sesenta anos que marchara dela.

En terceiro lugar, debemos prestar atención ao Gaos docente, xa que ao longo da súa vida desenvolveu unha importante actividade pedagóxica, fundamentalmente como profesor de violín. Dita labor docente levarao a fundar dous conservatorios na capital arxentina, o primeiro en 1904 e o segundo en 1923, que pechará pouco despois da súa apertura e antes da súa estada en Francia entre 1925 e 1932. Do mesmo xeito, impartirá leccións musicais en Bos Aires no Conservatorio Nacional Argentino de Alberto Williams e o Conservatorio Pallaertz. Tamén impartirá clases en Uruguai no


Conservatorio La Lira xunto á súa primeira esposa, América Montenegro; coa que residiu na cidade de Montevideo entre 1896 e 1898. Esta labor docente atópase vencellada á súa faceta de compositor referida anteriormente, pois Gaos tamén se dedicará a escribir obras para os seus alumnos, coma os seus *100 ejercicios técnicos-progresivos para violín* e as súas adaptacións para violín e piano de obras doutros autores. Estas cancións podemos encadralas dentro do repertorio infantil, cunha clara evidencia educativa dos textos e das características musicais propias. Boa parte destas cancións foron compostas cara a 1915, pero a súa preocupación por este tipo de repertorio xa era anterior e mantívose durante toda a súa vida. Entre estas cancións escolares compostas por Gaos destaca *El canto del gallo*, estreada en 1921 dentro do festival escolar e premiada no I Concurso de Canción escolar da Asociación Wagneriana de Bos Aires.

Aínda que a súa actividade como profesor de violín é a que destaca na súa faceta docente, non podemos esquecer que tamén traballou para centros doutro tipo de ensinanza como a Escola Normal n.º 4 ou no Colexio Mariano Moreno. No eido musical, entre os seus discípulos máis destacados temos a Manuel Almirall, Víctor Hormaechea, Remberto Giménez, Juan José Castro ou Celia Torrá.

Por último, centrarémonos na faceta de Gaos como director, pois dirixirá varias orquestras ao longo da súa vida. A súa dirección orquestral recibiu as mellores críticas por parte da prensa francesa. A primeira orquestra que dirixiu foi a da Sociedade de Concertos da cidade de Vigo con apenas 17 anos. Tras a súa chegada a Arxentina, dirixirá habitualmente as orquestras dos Conservatorios nos cales era profesor da clase de Conxunto de cámara. En París, estará á fronte da orquestra da Asociación de Concertos de Lamoureux.

Coma todo artista, tivo altibaixos ao longo da súa carreira, mais sempre conseguiu saír airoso dos numerosos desafíos que se lle presentaron. Sirva como o exemplo a controversia que suscitou a

El canto del Gallo, canción escolar, de Andrés Gaos (Fondo Gaos da Biblioteca América da USC)



elección de Gaos para representar a República Arxentina na Exposición Universal de París de 1937. A Gaos foille encomendado todo o proceso de organización e selección dos autores representados, mesmo para dirixir os concertos coa Orquestra Lamoureux. Estas amplas atribucións suscitaron unha gran polémica ao redor de que fora a persoa máis idónea para ocupar tal cargo dado que era estranxeiro e vivira fóra do país durante anos. Algúns periodistas amosáronse especialmente groseiros nas descualificacións, pois cualificábanos da seguinte forma:

Muy escasa experiencia como director de orquesta y que tras pasar fuera de Argentina ocho años claves, había regresado para dedicarse a funciones administrativas.

Imaxe 10. Cartel dos concertos dirixidos por Andrés Gaos na Exposición Universal de París de 1937. Fondo Gaos da Biblioteca América da USC

Semella ser que o debate non era sobre as virtudes artísticas de Andrés Gaos, senón sobre a política musical e a imaxe que se presentaría sobre Arxentina en París. Ante as numerosas críticas recibidas, Gaos tratou de saír ao paso coas seguintes declaracións:

EXPOSITION INTERNATIONALE DE PARIS 1937

Salle **GAVEAU** | Les **24** et **29 SEPTEMBRE 1937**
45-47, Rue La Boétie à 21 heures

DEUX CONCERTS D'ŒUVRES
DE
COMPOSITEURS ARGENTINS

avec le concours de l'Association des
CONCERTS LAMOUREUX
 sous la Direction du MAITRE

Andrés GAOS

Au Programme : ŒUVRES de WILLIAMS, LOPEZ BUCHARDO, GAOS, GAITO, MASSA, ESPOILE, BOERO, OLIVARES, DRANGOSCH, PIAGGIO
 Les entrées étant gratuites, aucun droit de taxe ne sera perçu. Demander des cartes, personnellement ou par correspondance, au Bureau de Renseignements du Pavillon de la République Argentine, à l'Exposition (Trocadéro, aile gauche)

Me considero argentino, no sólo por tener mi libreta de enrolamiento, sino por haber realizado una larga labor proficua de maestro, para elevar la cultura artística de este país donde he dirigido muchos conciertos sinfónicos... Puedo presentar además cientos de programas donde figuran las danzas argentinas de Aguirre para piano que yo arreglé y embellecí en mi transcripción para violín.

Gaos viuse apoiado por figuras relevantes da música latinoamericana, cunha enorme influencia no seu ámbito como Carlos López Buchardo ou Alberto Williams, considerado o patriarca da música arxentina, que o defendeu a través dunha carta aberta dirixida a Gaos que se publicou nos principais periódicos.

A labor realizada por Gaos na Exposición Universal de París resultou ser un éxito, poñendo fin a toda a polémica xerada.

A VINCULACIÓN DE GAOS CON GALICIA

Andrés Gaos foi nado na Coruña e tanto a súa cidade natal en particular como Galicia en xeral van estar presentes na súa produción musical ao longo de toda a súa vida.

Gaos xerou un universo sonoro que tivo a Galicia como referente creativo en numerosas ocasións, tal como podemos ver en moitas obras da súa produción: *Muiñeira*, *En las montañas de Galicia* ou *Rosa de abril*. Gaos compartiu con moitos galegos os avatares da emigración e boa parte das súas composicións foron escritas na súa Arxentina adoptiva, se ben en moitas das súas obras volverá a inspirarse na súa Galicia natal.

A súa pronta relación co mundo da música produciuse no seo da súa familia, pois dende cativo recibiu influencias do seu tío Canuto Berea Rodríguez, un recoñecido violinista e pianista impulsor e director de coros e orfeóns. Dirixiu a Compañía de Ópera do Teatro Municipal da Coruña e o Teatro de Variedades. Ademais, ostentou o cargo de alcalde da Coruña, o de conselleiro do Banco de España e outros de similar rango. Deste xeito, Gaos herdou a súa faceta de compositor de himnos, así como a faceta de violinista e pianista do seu tío.

A súa infancia sempre estivo vinculada co mundo da música, non só polo papel xogado polo seu tío, senón tamén polo negocio familiar de venda de instrumentos musicais do que se encargaba o seu pai Andrés Gaos Espiro. Andrés pasaba moito tempo no negocio familiar de Vigo na compañía do seu irmán José, con quen probaba os pianos para os clientes e interpretaban as diferentes partituras para promover a venda. Vigo era unha cidade emerxente no ámbito galego cunha notable vida cultural con numerosos espectáculos, concertos e academias, o que repercutiu na educación de Gaos. Unha das primeiras noticias sobre as aptitudes musicais de Gaos é o concerto organizado polo Liceo de Vigo en 1883, cando



Andrés Gaos, c. 1883
(Fondo Gaos da Biblioteca
América da USC)

contaba con nove anos, onde interpretou en solitario un amplo repertorio violinístico de gran dificultade técnica e interpretativa. Dito concerto remata coa entrega dun diploma de honra, causando sensación entre o público asistente. Estes foron os primeiros pasos dunha carreira artística chea de éxitos.


Xa dende neno, diferentes xornais como *La Voz de Galicia* ou *Faro de Vigo* fanse eco dos éxitos do artista e defínenlo como neno prodixio grazas ao seu talento, recollendo o fenómeno social que supuxo a súa figura na historia da música galega. O diario *Faro de Vigo* comenta que:

los aplausos de la concurrencia fueron justos y merecidos, no mera galantería, sino de justicia y de verdad, pues medir mayor gusto y seguridad que las que este niño demostró el domingo último, sería pretender lo imposible.

No mesmo sentido, o diario vigués *La Concordia* di:

¿Y qué diremos del niño Andrés Gaos Berea? Si no fuera hijo de un querido amigo nuestro, diríamos que a su tierna edad domina perfectamente el célebre instrumento que ha hecho inmortal a Paganini; que las dos piezas de Bériot que ejecutó brillantemente son de concierto y están erizadas de dificultades, de pasos escabrosos, vencidos todos de manera que tenemos en nuestro joven amiguito a un verdadero artista.

Muiñeira para violín e piano de
Andrés Gaos (Fondo Gaos da
Biblioteca América da USC)



Durante todo o tempo que estivo fóra, malia o seu grande éxito internacional e o feito de que a súa formación se completou no exterior —en cidades como París ou Bruxelas— a súa música sempre estivo vinculada a Galicia e mesmo realizou composicións dedicadas á súa terra.

Estando en Bruxelas, destaca a súa composición *Muiñeira* (1891) para violín e piano. Esta obra tivo unha gran acollida entre o público galego, xa que Gaos adecúa o timbre do violín ao da gaita galega, o instrumento por antonomasia da música da súa terra. Nesta composición pódense percibir reminiscencias da *Muiñeira* para violín composta por Sarasate, que Gaos escoitara de neno nun concerto ofrecido en Vigo.

Debemos ter en conta que é coa súa chegada a Arxentina cando a linguaxe expresiva e estética de Gaos se ve influenciada por elementos propios da tradición posromántica que se mesturan con outros das músicas populares galegas e crioulas. Ditas influencias obsérvanse nas súas composicións *Aires gallegos* (1905) e *Nuevos aires gallegos* (c. 1913). As pezas que integran *Aires gallegos* de cantos e bailes típicos da súa Galicia natal, onde mestura elementos do folclore galego e do pianismo posromántico con citas explícitas de ritmos e motivos temáticos galegos e mesmo de citas directas de composicións galegas como *Unha noite na eira do trigo* do músico galego José Castro “Chané”. Respecto a *Nuevos aires gallegos*, tamén podemos ver un claro impulso galego coa cita de *Un adiós Mariquiña* de Curros Enríquez ao que “Chané” puxo música en Cuba.


Nos seus derradeiros anos, a súa terra natal segue presente nas súas composicións tal como percibimos na entrevista que concedeu a *Galicia emigrante* en 1955:

Recentemente sentín un impulso estraño que me levou de novo a producir con fervor. Foi unha tarefa agonizante, tenaz, de moitas noites e moitos días. Dela saíu a miña Sinfonía galega que o Centro Galego premiou nos seus concursos literario-musicais.

Era como unha especie de retorno a min mesmo. Ao meu ser inicial. A miña maneira inédita. (...) Foi a miña volta a Galicia nunha ofrenda de toda a miña vida. Alegroume o premio porque todo testemuño é vital para o artista de bo cuño. Ora ben, máis me alegrou o cumprir coa miña terra, non tan afastada, porque está presente na miña emoción creadora e no clima desta casa galega.

A sinfonía *En las montañas de Galicia* foi composta entre 1917 e 1919, pero non foi estreada (e só o tercer movemento) ata 1954 cando gañou o primeiro premio do concurso literario-musical do Centro Galego de Bos Aires. Con esta composición Gaos atopa a serenidade e a paz, no retorno ás raíces, aos montes e bosques da súa terra natal, nunca esquecida, sempre presente —como el di— na súa emoción creadora.

Autógrafo da Sinfonía En
las montañas de Galicia
(Fondo Gaos da Biblioteca
América da USC)



A súa última obra tamén ten presente a súa Galicia natal. Estamos a falar de *Rosa de abril*, composta no ano da súa morte, producida en 1959. Para compoñela, o músico galego escolle o segundo poema de *Cantares galegos* de Rosalía de Castro. *Rosa de abril* non é unha canción francesa; mais sobresaie pola súa delicadeza, intimismo, beleza da expresión e predominio do melódico, que a achegan á *Melodie* francesa e ás fermosas obras para voz e piano que compuxo na súa mocidade.

Rosa de abril

*Nasín cando as plantas nasen,
Non mes das flores nasín,
Nunha alborada mainiña,
Nunha alborada de abril.*

*Por eso me chaman Rosa,
Mais a do triste sorrir,
Con espiñas para todos,
Sen ningunha para ti.*

*Desque te quixen, ingrato,
Todo acabou para min:
Que eras ti para min todo,
Miña gloria e meu vivir.*

*De que, pois, te queixas, Mauro,
De que, pois, te queixas, di,
Cando sabes que morrera
Por te contemplar feliz?*

*O meu corazón che mando
Cunha chave para o abrir:
Nin eu teño máis que darche
Nin ti máis que me pedir.*

Gaos en Santiago

Diversos números do xornal compostelán *Gaceta de Galicia* recollen o paso de Gaos por Santiago de Compostela en novembro de 1890, cando contaba

con 17 anos. Ademais fanse eco do seu gran éxito noutras cidades galegas nas que actuara previamente, recollendo críticas positivas que aparecían noutros xornais. Tal era a importancia que acadou o violinista, que os xornais da área de Santiago anunciaban con gran expectación a súa chegada á cidade.

Gaos actuou no Teatro Principal o día 9 de novembro, xunto co pianista Zurrón e a orquestra Curros. Un día despois actuou novamente con Vicente Zurrón nos salóns do Recreo Artístico e Industrial de Santiago, arranxando un programa para violín e piano con pezas de distinguidos músicos románticos como Mendelssohn, entre outros. Estas actuacións en Santiago insírense nunha xira que en 1890 Gaos realizou por España e Portugal, actuando en cidades como Vigo, Porto, A Coruña, etc.

A segunda e última vez que Gaos actuou en Galicia foi o 3 de decembro de 1925 no Salón Teatro, cando xa era un consolidado músico que actuara nos centros musicais máis importantes do mundo como

Programa e recorte de prensa da presentación de Gaos en Santiago en 1925 (Fondo Gaos da Biblioteca América da USC)

EL GENIAL VIOLINISTA GALLEGO

ANDRES GAOS

UNO DE LOS MAS CÉLEBRES «VIRTUOSOS» DEL MUNDO



**Belleza del Sonido.
Expresión intensísima.
Equilibrio perfecto.
Transparencia y claridad.
Sensibilidad exquisita.
Técnica maravillosa.**

Esa es la opinión de Viena, París, Berlín, Amsterdam, Bruselas, Roma, Praga, Londres, Milán, Leipzig, Buenos Aires, Méjico, Habana, New-York, Chicago, donde sus conciertos han sido verdaderas apoteosis.

SANTIAGO.

DIARIO DE GALICIA

El magno festival artístico de mañana

Vamos a escuchar uno de los más geniales violinistas contemporáneos.

Pocos horas faltan para que podamos disfrutar a uno de los más interesantes figuras artísticas contemporáneas: Andrés Gaos. Nunca como ahora se han hecho más tan estrechamente el entusiasmo por las cosas de la tierra y el entusiasmo por las grandes figuras de la música. Gaos es gallego, pero al mismo tiempo Gaos es uno de los más grandes y geniales virtuosos del mundo.

Ocurre con este artista, lo contrario que con otros, muy populares en Galicia, pero casi desconocidos en los grandes centros musicales. Gaos era hasta hace pocos días desconocido para nosotros, pero en cambio Gaos hace ya varios años que entusiasmase con su arte, escolta a los mejores públicos de Europa.

Muy joven todavía y en plena apoteosis de su prodigio, paró Gaos para el extranjero, tuvo la suerte de que fuese el célebre violinista belga, le acogiese como su discípulo predilecto, y de que Sarasate le escuchase con admiración y le reconociese como uno de los más prodigiosos violinistas que había conocido.

Gaos ha recorrido todo el mundo, la Prensas de todos los países elogian sus virtuosas labores de «L'Esprit» en el que están raramente unidos, un dominio absoluto del instrumento y una fuerza envidiable de suprema intensidad.

Gaos, ha tocado en Alemania, en Austria, en Inglaterra, en La Habana, en Buenos Aires, en Roma y en Méjico, Gaos ha sido requerido por Saint Saens para intérprete de sus obras; ha obtenido en París el primer premio tocado con la orquesta Lamoureux. Sería interminable el reseñar sus triunfos memorables y las distinciones de que ha sido objeto.

Su concierto ha despertado un enorme interés. Aquí donde ya hemos escuchado algunas de las virtuosas y violin más célebres en Europa, hay una grandísima curiosidad por escuchar, al que el genio crítico parisino llama «el único digno sucesor de Sarasate».

2 de Diciembre de 1925

Ante el acontecimiento artístico más importante del año **Andrés Gaos**

El próximo jueves día 3, podremos aplaudir en Santiago a uno de los primeros violinistas del mundo, a un hijo de Galicia, que con su prestigio universal, la va honrando en sus apoteósicos conciertos.

Gaos llega a su tierra después de una larga ausencia, cuando ya Europa y América le han consagrado como uno de los más geniales violinistas contemporáneos.

A continuación publicamos algunos juicios de la gran crítica mundial dedica al arte de nuestro ilustre paisano.

Le Figaro — París. Ante un público que llenaba la sala, el eminente violinista Andrés Gaos ha obtenido el viernes a la noche un éxito colosal.

Es que este artista, muy admirado por Sarasate, es un prestigioso maestro del arco, dotado de una virtuosidad trascendental que hizo valer plenamente en las obras de Wienawsky y Sarasate.

Gaos mostró al mismo tiempo sus altas cualidades de estilo en una Suite para viola solo de Bach que el público recibió con entusiastas ovaciones.

Le Monde Musical — París. « Ante una sala tan entusiasmada como repleta, este prodigioso virtuoso ha bebido derecho de un talento cuyo poder asustador sólo es comparable por su extraordinaria velocidad de dedos y de arco. Sin la menor incertidumbre, fue una sucesión de obras donde horripilaban los golpes de arco más estrafalarios, los chisporroteos de notas «échappées» más asombrosos, los fogos de arpeggio de «armonizados» de una «minder» de ensueño. El entusiasmo que al público y a los auditores aplaudo caían en la sala.

El final a la Zingara del segundo concierto de Wienawsky, desencadenó una ovación que irá intensificándose sucesivamente después del Adagio, Fuga y Preludio de Bach; piezas que a pesar de sus dificultades descomorales, interpretó curiosamente como si jugara con ellas; y aun más si oye, después de la delicia a Romanza de Svedensén, la Serenata Análaxa de Sarasate y de la hábil transcripción de la Danza des Elfes. Y se ovaciona luego así al delirio después de oír las obras tan brillantes de Sarasate: Malaguena, Zapateo y Hababœra, ofrecidas para terminar.

Debemos añadir que es debido a los consejos de Sarasate que el señor Gaos emprendió la carrera artística, y que hoy puede legítimamente pretender a la sucesión del célebre violinista español.

Morgenzeitung (Berlín). « Un violinista que nos era desconocido basta ayer, nos dió un soberbio concierto en la Sala Bochstein. Este violinista se llama Andrés Gaos. En la «Sonata n.º 1.ª» y en la «Sonata n.º 2.ª», de R. Kraus, que tocó con el gran artista Vianna da Motta, mostró un empujamiento sobrio y justo, un timbre admirable del arco y un rasgo suelto, elegante y limpio. En la «Sonata», de Strauss, principalmente, demostró que es capaz de producir grandes sonoridades impecables maestras.

« Si no fueran interminables estas las críticas no copiamos las profusamente que la prensa de Viena, Múch, Amberes, Buenos Aires, Méco, Habana y New York del día 2.º de esta ocasión de los raros triunfos que nos concierne en estas ciudades.



Matrimonio Gaos-Guillochón co seu fillo Andrés, quen se adicou a estudar a figura do seu pai e donou a Universidade de Santiago o Fondo Gaos para a súa divulgación e custodia

Anuncio do concerto de Andrés Gaos, en El Compostelano, 1/12/1925

Viena, Múnic, Anveres, Bos Aires, Nova York, etc. Os xornais anunciaban este evento como o acontecemento artístico máis importante do ano e recollen críticas de xornais franceses e alemáns que aluden a concertos anteriores ofrecidos por Gaos, nos que demostrou o seu bo facer.

O programa de dito concerto mostra a boa consideración da que Gaos gozaba entre os habitantes de Santiago, xa que nel atopamos cualificacións como “Belleza del sonido, Expresión intensísima, Equilibrio perfecto, Transparencia y claridad, Sensibilidad exquisita, e Técnica maravillosa”. Neste concerto, Gaos estivo acompañado polo pianista romanés Jean Filionesco, logrando un grande éxito co seu programa.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDRADE MALDE, Julio: *Andrés Gaos, el gallego errante*, A Coruña, Vereda, 2010.
- “A vida de Andrés Gaos a través das súas cancións con texto en francés” en PÉREZ FERNÁNDEZ, Julián Jesús (coord.): *Andrés Gaos Berea: Un achegamento á súa figura e á súa música (1874-1959). II Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego na Universidade da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña: Servizo de Publicacións, 2012, pp. 93-119.
- “Andrés Gaos aos catros ventos” en PÉREZ FERNÁNDEZ, Julián Jesús (coord.): *Andrés Gaos Berea: Un achegamento á súa figura e á súa música (1874-1959). II Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego na Universidade da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña: Servizo de Publicacións, 2012, pp. 120-134.
- “Morriña e saudade no piano de Gaos” en PÉREZ FERNÁNDEZ, Julián Jesús (coord.): *Andrés Gaos Berea: Un achegamento á súa figura e á súa música (1874-1959). II Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego na Universidade da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña: Servizo de Publicacións, 2012, pp. 75-92.
- CAPELÁN FERNÁNDEZ, Monserrat: *Cancións para voz e piano de Andrés Gaos*, Santiago de Compostela, Sa-cauntos Cooperativa Gráfica, 2018.
- El Compostelano: Diario independiente*: Ano VI, n.º 1716, Santiago de Compostela, 30 de novembro de 1925.
- El Compostelano: Diario independiente*: Ano VI, n.º 1717, Santiago de Compostela, 1 de decembro de 1925.
- El Compostelano: Diario independiente*: Ano VI, n.º 1718, Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1925.
- FERNÁNDEZ GARCÍA, Rosa María: *Andrés Gaos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2005.
- Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*: n.º 235, Santiago de Compostela, 4 de novembro de 1890.
- Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*: n.º 237, Santiago de Compostela, 6 de novembro de 1890.
- Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*: n.º 239, Santiago de Compostela, 8 de novembro de 1890.

Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela: n.º 240, Santiago de Compostela, 10 de novembro de 1890.

Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela: n.º 241, Santiago de Compostela, 11 de novembro de 1890.

GAOS GUILLOCHÓN, Andrés: “Rosa de abril” en PÉREZ FERNÁNDEZ, Julián Jesús (coord.): *Andrés Gaos Berea: Un achegamento á súa figura e á súa música (1874-1959). II Xornadas de divulgación do patrimonio musical galego na Universidade da Coruña*, A Coruña, Universidade da Coruña: Servizo de Publicacións, 2012, pp. 70-74.

GARBAYO MONTABES, Francisco Javier: “Documentación sobre Andrés Gaos Berea y Emmanuel Moor” en QUINTANA, n.º 16, 2017, pp. 383-411.

PAINCEIRA LUACES, Vanesa: “La revalorización de la figura de Andrés Gaos en Galicia” en *Boletín DM*, n.º 18, 2014.

ROMANÍ BLANCO, Rodrigo (coord.): *A música galega na emigración. IV Encontro O son da memoria, 17 e 18 de febreiro de 2005*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega: Arquivo Sonoro de Galicia, 2009.

